

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023, pola Excm. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Dona, que actúa en nome e representación da Fundación Monte do Gozo, con NIF G-15258213 e domicilio social na rúa Cottolengo nº 2, 15702 Santiago de Compostela, na súa condición de directora-presidenta de Proxecto Home Galicia e representante legal da fundación, segundo o poder outorgado ante o notario don Francisco López Moledo, baixo o número 1.403 do seu protocolo, con data do 10 de maio de 2023, polo que se eleva a público o acordo adoptado polo Padroado da Fundación na sesión celebrada o 3 de marzo de 2023.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela exerce, de conformidade co disposto nos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as competencias propias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e de atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

Pola súa banda, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recoñece no seu artigo 1.2 o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, coa finalidade de facer efectivos os principios de liberdade e igualdade e favorecer a plena inclusión social. Así mesmo, o artigo 2.3 da citada lei establece que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións de iniciativa social no ámbito dos servizos sociais, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade previstos na normativa aplicable.

Neste mesmo marco, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, atribúe aos servizos sociais comunitarios, entre outras funcións, o fomento da cooperación e da solidariedade social, así como a promoción da colaboración coas entidades de iniciativa social para dar resposta ás necesidades da cidadanía.

En consecuencia, corresponde ao Concello de Santiago de Compostela promover actuacións de prevención, atención e inclusión social, así como colaborar coas entidades especializadas do terceiro sector de acción social naquelas intervencións que, pola súa especificidade técnica e experiencia acreditada, contribúan a unha atención máis eficaz das persoas destinatarias dos servizos sociais.

Segundo.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Constitución Española, corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Neste marco, e no exercicio das competencias que lle atribúe a normativa vixente en materia de servizos sociais, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve programas e actuacións orientados á prevención das situacións de vulnerabilidade, á promoción da inclusión social e á mellora da calidade de vida da cidadanía, impulsando a colaboración coas entidades de iniciativa social cando esta constitúa o instrumento máis axeitado para dar resposta ás necesidades de determinados colectivos, especialmente daqueles que presentan unha maior vulnerabilidade social.

Terceiro

A **Fundación Monte do Gozo**, é unha fundación constituída mediante escritura pública outorgada o día 13 de febreiro de 1990 ante o notario de Santiago de Compostela don Manuel Perejil Cambón, co número 209 do seu protocolo.

Atópase inscrita no Rexistro de Asociacións e Outras Entidades de Iniciativa Social da Xunta de Galicia co número 231-CO-105-H-1, foi declarada entidade benéfico-asistencial privada adscrita á Consellería de Traballo e Benestar por Orde do 21 de maio de 1990 (DOG núm. 117, do 18 de xuño de 1990), e declarada de interese galego por Orde do 22 de maio de 1990 (DOG núm. 119, do 20 de xuño de 1990, con corrección de erros no DOG núm. 145, do 26 de xullo de 1990). Así mesmo, figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 1990/03.

Os seus estatutos foron modificados por acordo do Padroado adoptado o 28 de novembro de 2013, elevado a escritura pública o 21 de maio de 2014 ante o notario de Santiago de Compostela don Carlos de la Torre Deza, co número 1.137 do seu protocolo.

Cuarto.

A **Fundación Monte do Gozo** ten como fins fundacionais, de conformidade co artigo 6 dos seus estatutos, adaptados á Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, a atención integral ás persoas en situación de vulnerabilidade, exclusión ou risco de exclusión social, así como a prevención, formación, educación, rehabilitación, incorporación social e apoio ás persoas con problemas de adicción e ás súas familias.

Así mesmo, entre os seus fins inclúense a intervención cos colectivos especialmente vulnerables e a promoción de actuacións de carácter preventivo, educativo, terapéutico e de incorporación social, prestando especial atención ás persoas menores de idade, ás mulleres, ás persoas inmigrantes e ás persoas con discapacidade.

Para o cumprimento destes fins, a Fundación poderá promover, organizar e desenvolver programas, servizos, recursos e actuacións de carácter asistencial, educativo, terapéutico e social, así como calquera outra iniciativa que contribúa á prevención das adiccións, á rehabilitación e incorporación social das persoas afectadas e á protección e mellora da súa calidade de vida.

Quinto.

O Concello de Santiago de Compostela considera que a actividade desenvolvida pola **Fundación Monte do Gozo** responde a unha finalidade de indubidable interese público e social, ao complementar a actuación municipal no ámbito dos servizos sociais mediante programas especializados de prevención, atención, tratamento e incorporación social das persoas con problemas de adicción e das súas familias.

A experiencia, especialización e implantación da entidade neste ámbito, xunto coa súa traxectoria de colaboración coas administracións públicas, converten a Fundación Monte do Gozo nunha entidade idónea para o desenvolvemento de actuacións que reforzan os recursos públicos existentes e contribúen á mellora da atención ás persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Neste contexto, ambas as partes consideran conveniente consolidar a colaboración que veñen mantendo mediante a formalización do presente convenio, co obxecto de favorecer a continuidade do programa subvencionado e garantir unha resposta coordinada, eficiente e complementaria ás necesidades sociais detectadas no municipio, en consonancia cos principios de cooperación institucional, eficacia na utilización dos recursos públicos e promoción do interese xeral.

Sexto.

A **Fundación Monte do Gozo** dispón de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins fundacionais, actuando con autonomía organizativa e funcional respecto do Concello de Santiago de Compostela.

A formalización do presente convenio non implica a creación de ningunha relación de dependencia, laboral, funcionarial nin de calquera outra natureza entre o Concello e a Fundación, correspondéndolle a esta a organización, dirección e execución das actuacións subvencionadas, así como a asunción das responsabilidades que poidan derivarse do seu desenvolvemento, nos termos previstos no presente convenio.

Sétimo.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, define no seu artigo 2.1 o concepto de subvención e establece, nos artigos 22.2.a) e 28, que poderán concederse de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, constituíndo o convenio de colaboración o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.

No mesmo sentido, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regula a concesión directa das subvencións nominativas previstas nos orzamentos das administracións públicas galegas, de conformidade coa normativa básica estatal.

O programa obxecto deste convenio ten por finalidade o desenvolvemento dunha actividade de interese público e social, sen que exista contraprestación directa a favor do Concello de Santiago de Compostela, polo que a colaboración se articula mediante a concesión dunha subvención nominativa instrumentada a través do presente convenio.

Oitava.

Nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026 figura prevista nominativamente unha subvención a favor da **Fundación Monte do Gozo**, por importe de **CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 020.23100.4800020, destinada ao financiamento do programa obxecto do presente convenio.

En atención ao requirimento efectuado polo Concello, a Fundación Monte do Gozo presentou, con data 27 de abril de 2026 e número de rexistro de entrada 2026024379, a documentación necesaria para a tramitación do expediente, acreditando o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación para adquirir a condición de entidade beneficiaria.

Unha vez comprobada a documentación achegada e constatada a existencia de crédito adecuado e suficiente para atender o gasto, ambas as partes consideran procedente formalizar o presente convenio de colaboración, co fin de contribuír ao financiamento do programa subvencionado e á consecución dos obxectivos de interese público e social que constitúen o seu obxecto.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular os termos da colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a **Fundación Monte do Gozo** (NIF G-15258213) para o desenvolvemento do programa «**Programa contra o consumo de cocaína**», así como establecer as condicións que rexerán a concesión directa da subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

O programa ten como finalidade favorecer o proceso de cambio comportamental, emocional e cognitivo necesario para acadar a abstinencia do consumo de cocaína e doutras substancias ou condutas aditivas, promovendo a autonomía persoal, a incorporación social e a mellora da calidade de vida das persoas participantes e das súas familias.

As actuacións previstas no presente convenio responden a fins de interese público e social no ámbito dos servizos sociais, contribuindo ao desenvolvemento das políticas municipais de prevención, atención, tratamento e incorporación social das persoas con problemas de adicción, mediante unha intervención especializada de carácter complementario aos recursos públicos existentes.

A subvención nominativa prevista nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, a favor da Fundación Monte do Gozo, por importe de **CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €)**, destinarase exclusivamente ao financiamento parcial dos gastos necesarios para a execución das actuacións previstas neste convenio durante o seu período de vixencia, de acordo co orzamento desagregado que figura como Anexo I, cun custo total estimado do programa de **SESENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (64.450,00 €)**.

As actuacións subvencionadas executaranse de conformidade cos principios de eficacia, eficiencia, economía, boa xestión financeira, estabilidade orzamentaria, transparencia e responsabilidade na utilización dos fondos públicos, orientándose á consecución dos obxectivos e indicadores previstos no proxecto presentado pola entidade beneficiaria.

A concesión directa da subvención xustifícase pola existencia dun interese público e social, pola especialización e acreditada experiencia da Fundación Monte do Gozo no ámbito da prevención, tratamento, rehabilitación e incorporación social das persoas con problemas de adicción e das súas familias, así como pola súa función complementaria da actuación desenvolvida polos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

SEGUNDA.- CONTIDO.

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

PROGRAMA “PROGRAMA DE COCAÍNA”.

- **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

Proxecto Home Galicia desenvolve o programa para persoas adictas á cocaína en Santiago de Compostela dende o ano 2.000.

A adicción á cocaína é un problema complexo que afecta á persoa e a súa contorna.

O Programa de Cocaína e Proxecto Home Galicia aborda, dende un enfoque biopsicosocial, e de xeito integral os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais da adicción de cara a promover a recuperación sostible e a reintegración das persoas afectadas á sociedade.

O programa desenvólvese do seguinte xeito:

- 1.- Avaliación biopsicosocial inicial.
- 2.- Desintoxicación e estabilización médica.
- 3.- Intervención psicolóxica.
- 4.- Apoio social e familiar.

5.- Desenvolvemento de habilidades para o afrontamento e prevención de recaídas.

6.- Inserción sociolaboral e apoio continuo.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES

O **OBXECTIVO XERAL** deste programa é o de facilitar o proceso de cambio conductual, emocional e cognitivo necesario para lograr a abstinencia do consumo de drogas e doutras condutas aditivas, a autonomía persoal e a integración social.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Adquirir e/o desenvolver as capacidades persoais
- Adquirir e/o desenvolver hábitos saudables
- Adquirir condutas socialmente responsables
- Mellorar a capacidade de análise das persoas sobre os seus recursos persoais
- Previr recaídas
- Reestruturar ideas racionais
- Clarificar a propia escala de valores
- Integrarse funcionalmente na súa contorna social e familiar
- Establecer unha forma adecuada de resolución de conflitos
- Adquirir un estilo de vida autónomo e satisfactorio
- Afianzar a contorna social e familiar da persoa en tratamento
- Implicar á familia no seu proceso de tratamento.

ÁMBITO TERRITORIAL

Lugar: Centro Proxecto Home Galicia en Santiago de Compostela (Rúa do Cottolengo, nº 2)

Zona de influencia: Santiago de Compostela

PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO:

Persoas en proceso de deshabitación de substancias aditivas e as súas familias.

Persoas atendidas de xeito directo : 40 persoas

Persoas da contorna que participan nas terapias (familias especialmente): 60 persoas

IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, EFECTO MULTIPLICADOR E SEGUIMENTO:

- Mellora das relacións con institucións externas no ámbito médico, psiquiátrico, xudicial, educativo-formativo, etc..
- Influencia no ámbito do voluntariado social.
- Incremento do número de persoas usuarias do programa.
- Participación en foros e publicacións relacionadas co tratamento de cocaína.

O seguimento farase atendendo aos factores de impacto previsto e aos datos xerados polos mesmos.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Recursos humanos: 4 terapeutas e 15 persoas voluntarias.

Recursos materiais: Salón de usos múltiples (1), Sala de reunións (2), Salas de terapia (8), Despachos (5), Medios audiovisuais: Proxector multimedia (1), lousa multimedia (1), ordenador portátil (2), equipo de son (1). Expedientes individuais das persoas en tratamento.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Para a avaliación dos resultados establecéronse en primeiro lugar, os criterios da avaliación: eficacia, eficiencia, cobertura, persistencia, visibilidade e impacto.

A selección das variables realízanse en coherencia coa metodoloxía da avaliación, na cal, as variables son identificadas en base aos indicadores de proceso e resultado e construídos en relación aos criterios de avaliación. Para facilitar isto deseñáronse matrices de avaliación.

A mostra compóñena as persoas en tratamento no programa de cocaína.

VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR

Carteis no taboleiro de anuncios do centro, e publicidade na páxina web da fundación: www.proxectohome.gal, dípticos

DATAS

Do 01 de Xaneiro ao 31 de Decembro de 2026

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

1. NOME DA ACTIVIDADE : Grupos terapéuticos e seminarios formativos e informativos, grupos con familias.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER: **grupos de terapias:** onde a persoa usuaria expresa as dificultades que se van producindo no día a día en diversas áreas.

Seminarios: Actividades didácticas que xiran en torno a unha temática terapéutica onde as persoas en tratamento participan activamente.

OBXECTIVOS DESTA ACTIVIDADE:

- Detectar problemáticas e establecer obxectivos no seu plan terapéutico
- Establecer as liñas de abordaxe nos grupos históricos
- Fortalecemento das relacións interpersonais

- Formar e informar sobre determinados aspectos do tratamento e de problemáticas a nivel xeral
- Adquirir conductas socialmente responsables
- Previr recaídas.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN: 40 persoas drogodependentes , de entre 17-45 anos.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro de Proxecto Home en Santiago de Compostela

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:

Actividades de Planificación: avaliación de necesidades, establecemento de obxectivos e metas medibles, alcanzables e relevantes, desenvolvemento de estratexias e enfoques, asignación de recursos, desenvolvemento de protocolos e procedementos.

Actividades de execución: implementación de intervencións, supervisión e monitoreo, capacitación do persoal, participación con outras organizacións e profesionais, avaliación e mellora continua.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Recursos humanos: 3 terapeutas e 17persoas voluntarias.

Recursos materiais: Salón de usos múltiples (1), Sala de reunións (2), Salas de terapia (8), Despachos (5), Medios audiovisuais: Proxector multimedia (1), lousa multimedia (1), ordenador portátil (2), equipo de son (1). Expedientes individuais das persoas en tratamento..

DATAS: Do 01 de Xaneiro ao 31 de Decembro de 2026

2. NOME DA ACTIVIDADE: Atención individualizada: coloquios clínicos, historia de vida, plan terapéutico de rehabilitación e de inserción sociolaboral, Avaliación do plan terapéutico individual.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:

Coloquios individuais: proceso de comunicación que se establece entre a terapeuta e a persoa en tratamento co obxectivo de acompañar e orientar á persoa naquelas problemáticas que están a afectar ao seu proceso de rehabilitación e inserción sociolaboral.

Historia de vida: é unha ferramenta terapéutica que se utiliza para comprender o contexto persoal, emocional, social e ambiental dun individuo que loita contra unha adicción.

Plan terapéutico de rehabilitación e inserción sociolaboral: é o documento que detalla as intervencións e accións específicas que levaranse a cabo para axudar á persoa en tratamento a superar a súa adicción, recuperar a súa saúde mental e física, e reintegrarse de maneira exitosa na sociedade e no ámbito laboral. Este plan é desenvolvido de maneira colaborativa entre o equipo de tratamento e o individuo, e adáptase ás necesidades, fortalezas e metas de cada persoa.

Avaliación do Plan Terapéutico Individual: é un proceso continuo e sistemático para medir a efectividade do plan en relación cos obxectivos establecidos e para identificar calquera área que requira axustes ou melloras.

OBXECTIVOS DESTA ACTIVIDADE:

- Establecer os obxectivos no seu plan terapéutico de intervención.
- Favorecer a abstinencia no consumo de substancias
- Mellorar a capacidade de análise das persoas sobre os seus recursos persoais
- Clarificar a propia escala de valores
- Desenvolvemento de habilidades de afrontamento
- Previr recaídas

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN: 40 persoas drogodependentes de entre 17-45 anos.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro de Proxecto Home en Santiago de Compostela
ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:

Actividades de Planificación: avaliación de necesidades, establecemento de obxectivos e metas, desenvolvemento de estratexias e enfoques, asignación de recursos, desenvolvemento de protocolos e procedementos.

Actividades de execución: implementación de intervencións, supervisión e monitoreo, capacitación do persoal, participación con outras organizacións e profesionais, avaliación e mellora continua.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Recursos humanos: 3 terapeutas e 15 persoas voluntarias.

Recursos materiais: Salón de usos múltiples (1), Sala de reunións (2), Salas de terapia (8), Despachos (5), Medios audiovisuais: Proxector multimedia (1), lousa multimedia (1), ordenador portátil (2), equipo de son (1). Expedientes individuais das persoas en tratamento.

DATAS: Do 01 de Xaneiro ao 31 de Decembro de 2026

3. NOME DA ACTIVIDADE: TERAPIA FAMILIAR: grupos de autoaxuda, grupos familiares, encontros familiares.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:

Grupos de Autoaxuda: estes grupos proporcionan as familias das persoas en tratamento un entorno de apoio onde poden compartir as súas experiencias, obter orientación e aprender estratexias para afrontar os desafíos da rehabilitación e inserción sociolaboral do seu familiar.

Grupos familiares: grupo onde participa a persoa en tratamento, membros da súa familia e o terapeuta.

Encontros familiares: espazo onde a persoa en tratamento e a familia abordan aspectos relativos a súa relación ao longo do tempo e onde se afronta a súa solución.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE:

- Facilitar á familia información sobre a natureza da adicción, incluído causas, síntomas e efectos.
- Fomentar a empatía e a comprensión
- Mellorar a comunicación
- Identificar e abordar dinámicas familiares disfuncionais
- Favorecer o desenvolvemento de habilidades de afrontamento
- Promover a participación activa no proceso de recuperación.
- Fortalecer o sistema de apoio familiar.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN: 60 persoas familiares de drogodependentes en tratamento entre 20-80 anos .

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro de Proxecto Home en Santiago de Compostela

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:

Actividades de Planificación: avaliación de necesidades, establecemento de obxectivos e metas, desenvolvemento de estratexias e enfoques, asignación de recursos, desenvolvemento de protocolos e procedementos.

Actividades de execución: implementación de intervencións, supervisión e monitoreo, capacitación do persoal, participación con outras organizacións e profesionais, avaliación e mellora continua.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Recursos humanos: 3 terapeutas e 17 persoas voluntarias.

Recursos materiais: Salón de usos múltiples (1), Sala de reunións (2), Salas de terapia (8), Despachos (5), Medios audiovisuais: Proxector multimedia (1), lousa multimedia (1), ordenador portátil (2), equipo de son (1). Expedientes individuais das persoas en tratamento.

DATAS: Do 01 de Xaneiro ao 31 de Decembro de 2026

Aos efectos do presente convenio, cómpre precisar que, aínda que o programa obxecto do convenio ten carácter anual e a súa planificación xeral abrangue o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, a presente subvención destínase exclusivamente ao financiamento das actividades e actuacións desenvolvidas ata o 30 de setembro de 2026, data de finalización da vixencia do convenio. Polo tanto, non serán obxecto de financiamento con cargo á presente subvención as actividades ou actuacións que, no marco da programación anual da entidade, se desenvolvan con posterioridade ao 30 de setembro de 2026.

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Santiago de Compostela achegará á **Fundación Monte do Gozo**, para o financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, unha subvención nominativa por importe de **CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **020.23100.4800020** do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, de conformidade co previsto nas Bases de Execución do Orzamento Municipal.

A presente subvención ten carácter nominativo e concédese de forma directa ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ao figurar expresamente prevista nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026. O presente convenio constitúe o instrumento xurídico mediante o que se canaliza a súa concesión, de conformidade co previsto no artigo 28 da citada lei.

A achega municipal destínase ao financiamento parcial das actuacións descritas na cláusula primeira e no Anexo I deste convenio. O orzamento total previsto para a execución do programa ascende á cantidade de SESENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (64.450,00 €), correspondendo á entidade beneficiaria asumir, con recursos propios ou mediante outras fontes de financiamento compatibles, a diferenza necesaria para a completa execución da actividade subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 32 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A subvención será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe conxunto das achegas non supere o custo total da actividade subvencionada.

A concesión e o aboamento da subvención quedan condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario, ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora das subvencións e ao respecto dos principios

de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

No suposto de que o custo efectivamente executado e xustificado da actividade subvencionada resulte inferior ao inicialmente previsto, ou de que o importe conxunto das subvencións, axudas, ingresos ou recursos obtidos supere o seu custo total, procederase á minoración da achega municipal ou, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas en exceso, nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES E PERIODO DE EXECUCIÓN.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza e finalidade da actividade obxecto do presente convenio, resulten estritamente necesarios para a súa execución e sexan efectivamente realizados e pagados entre o **1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2026**, con independencia da data de sinatura do convenio, sempre que se atopen directamente vinculados ás actuacións subvencionadas.

Poderán incluírse, entre outros, os gastos de persoal, honorarios de profesionais externos, alugueiros, seguros, subministracións, material funxible e demais gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas no proxecto, de conformidade co establecido nesta cláusula.

En todo caso, só serán subvencionables aqueles gastos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, resulten estritamente necesarios para a execución do proxecto, estean directamente vinculados ao seu obxecto, se atopen efectivamente realizados e pagados dentro do período subvencionable e se acrediten mediante a correspondente documentación xustificativa.

4.1 GASTOS SUBVECIONABLES:

A) GASTOS DE PERSOAL Poderán imputarse os gastos derivados da contratación de persoal necesario para a execución do proxecto, xa sexa con carácter fixo ou temporal, incluíndo salarios ou nóminas, cotizacións á Seguridade Social e retencións de IRPF.

En función da modalidade de prestación dos servizos, establécense as seguintes tipoloxías:

A.1) Persoal con contrato laboral. Deberá achegarse o correspondente

Contrato de traballo formalizado conforme á normativa laboral aplicable, no que consten, como mínimo, os seguintes extremos:

- Funcións e tarefas a desenvolver no marco do proxecto
- Modalidade contractual
- Categoría profesional
- Retribución
- Imputación de gastos

Nóminas: imputarase o importe total bruto devindicado correspondente ao persoal adscrito ao proxecto. Deberá achegarse a nómina e o xustificante bancario do seu aboamento debidamente dilixenciado pola entidade bancaria intermediaria do pagamento..

Seguridade Social (cota empresarial): será subvencionable a parte proporcional da cotización empresarial correspondente ao tempo efectivo de dedicación ao proxecto. Deberanse achegar os documentos de cotización á Seguridade Social (RLC e RNT) debidamente validados, correspondentes ao período de imputación, así como o xustificante do seu pagamento.

A achega correspondente á persoa traballadora enténdese incluída na nómina ao formar parte do salario bruto devindicado.

IRPF: deberá achegarse o modelo 111 correspondente ás retencións practicadas, xunto co seu xustificante de pagamento. Non se admite imputación adicional por este concepto, ao estar integrado no salario bruto.

Gastos non subvencionables

Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Retribucións ou compensacións a persoas membros de xuntas directivas ou órganos de dirección polo desempeño do seu cargo, salvo as excepcións previstas na normativa aplicable.
- Penalizacións, indemnizacións ou recargas derivadas de incumprimentos contractuais imputables á entidade beneficiaria, incluíndo gastos por despedimento.
- Recargas por falta de pagamento ou pagamento fóra de prazo de obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.
- Gastos derivados de contratacións ou prestacións de servizos realizados por membros da xunta directiva ou órganos de goberno da entidade.
- En ningún caso serán subvencionables facturas ou recibos emitidos por cargos directivos (Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría ou vogalías da Xunta Directiva) a favor da propia entidade.
- Unicamente serán admisibles relacións laborais ordinarias en réxime de persoal asalariado (por exemplo, traballador/a social, psicólogo/a ou persoal técnico), sempre que os cargos directivos non teñan carácter remunerado polo desempeño do seu cargo, circunstancia que deberá constar expresamente nos estatutos da entidade ou en acordo formal do órgano competente, así como no proxecto subvencionado.

A.2) Honorarios de profesionais externos. Poderán imputarse os honorarios de profesionais que desenvolvan funcións de execución directa do proxecto, tales como identificación de actuacións, seguimento, execución de actividades ou avaliación.

O persoal non vinculado laboralmente coa entidade poderá impartir talleres, conferencias ou actividades formativas sempre que concorran os requisitos de esporadicidade e non habitualidade da prestación.

Documentación xustificativa. Deberá achegarse:

-Factura desagregada do servizo prestado, con indicación expresa da actividade realizada, coas retencións de IRPF que procedan, así como o xustificante do seu pagamento.

-Copia do DNI da persoa prestadora do servizo.

-Modelo 111 e, se procede, modelo 190, acreditativo das retencións e ingresos á conta do IRPF, xunto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

-Declaración responsable na que se faga constar o carácter esporádico da actividade e o cumprimento do requisito de non superación dos límites retributivos legalmente establecidos, no seu caso.

-En ningún caso serán subvencionables facturas ou recibos emitidos por membros da xunta directiva ou órganos de goberno da entidade (Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría ou vogalías), con cargo á subvención.

B) Alugueiro de inmobles. Establécese un límite máximo de imputación de gastos de alugueiro que, con carácter xeral, non poderá superar en ningún caso o 25 % do importe total da subvención concedida.

A dita limitación non será aplicable aos gastos derivados do arrendamento de vivendas destinadas á acollida de persoas en situación de vulnerabilidade social, sempre que quede acreditada a súa vinculación directa e exclusiva coa finalidade do proxecto.

En todo caso, só terán a consideración de custo directo subvencionable aqueles gastos de alugueiro correspondentes a espazos que se utilicen de forma efectiva, exclusiva e verificable para a execución das actividades incluídas no proxecto, quedando expresamente excluídos os usos compartidos non imputables ou non xustificables mediante criterios obxectivos de dedicación.

Tipoloxía de alugueiros subvencionables: Unicamente poderán imputarse os seguintes conceptos:

1. Alugueiro de oficinas ou locais destinados á realización directa das actividades do proxecto.

2. Alugueiro de espazos ou equipamentos necesarios para a execución das actividades (incluíndo, con carácter enunciativo e non limitativo, equipos de son, instalacións deportivas ou culturais, así como mobiliario e medios materiais necesarios).

Xustificación documental e requisitos fiscais:

-A imputación destes gastos requirirá, en todo caso, a achega de factura desagregada e xustificante de pagamento efectivo.

-No caso de alugueiro de locais ou oficinas, a factura deberá recoller de forma diferenciada o importe do alugueiro e o IVE, así como, se procede, as retencións fiscais legalmente aplicables.

En particular:

Cando o arrendador sexa persoa física suxeita a retención, a entidade beneficiaria estará obrigada a practicar e ingresar a correspondente retención de IRPF nos termos establecidos na normativa tributaria aplicable.

Cando o arrendador estea suxeito ao Imposto sobre Sociedades, practicarase a retención correspondente conforme á normativa fiscal vixente.

3. Arrendamento de local habitual

No caso de arrendamento de local habitual, será obrigatoria a achega da seguinte documentación:

- Contrato de arrendamento en vigor debidamente formalizado.
- Modelos tributarios 115 e 180 relativos a retencións por arrendamentos urbanos, xunto cos seus correspondentes xustificantes de ingreso.

C) SEGUROS VINCULADOS Á EXECUCIÓN DO PROXECTO. Serán subvencionables os gastos derivados da contratación de pólizas de seguro especificamente vinculadas á execución do proxecto ou actividade subvencionada, cando resulten necesarias para garantir a cobertura de persoas, bens ou actividades incluídas no seu desenvolvemento.

Neste concepto poderán incluírse, entre outros, os gastos correspondentes a seguros de responsabilidade civil e de accidentes que cubran os riscos derivados da realización das actuacións subvencionadas, tales como accións formativas, actividades grupais, visitas didácticas, eventos ou outras actuacións de natureza análoga.

Para a súa xustificación deberá achegarse a seguinte documentación:

- * Póliza de seguro subscrita.
- * Relación das persoas aseguradas ou, de ser o caso, acreditación do colectivo ou actividade obxecto da cobertura.
- * Factura emitida pola entidade aseguradora.
- * Xustificante acreditativo do pagamento efectivo da prima correspondente.

Só serán admisibles os gastos correspondentes ao período de execución da actividade subvencionada e na medida en que garden unha relación directa e necesaria coa súa realización.

D). MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA. Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados da conservación e mantemento ordinario de equipos, mobiliario, instalacións e demais elementos patrimoniais afectos ao desenvolvemento do proxecto, sempre que teñan por obxecto reparar deterioracións ou menoscabos ocasionados polo uso normal, o desgaste ordinario ou causas fortuítas, e non supoñan actuacións de ampliación, mellora estrutural ou incremento do valor do ben.

Así mesmo, poderán imputarse os gastos derivados dos servizos de limpeza dos locais e espazos empregados para a execución das actividades subvencionadas, sempre que garden unha relación directa coa súa realización.

Para a súa xustificación deberá achegarse a correspondente factura, suficientemente detallada, na que conste a natureza do servizo ou actuación realizada, así como o xustificante acreditativo do seu pagamento efectivo, de acordo coa forma de pagamento empregada.

E). MATERIAL FUNXIBLE E CONSUMIBLES. Terán a consideración de gastos subvencionables os correspondentes á adquisición de bens consumibles ou material funxible directamente vinculados á execución do proxecto, caracterizados por esgotarse co seu uso ou durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

Poderán imputarse, entre outros, os gastos derivados da adquisición de consumibles informáticos, material de oficina, material didáctico ou formativo e demais materiais necesarios para a correcta execución das actuacións previstas no proxecto.

Para a súa xustificación deberá achegarse a correspondente factura, suficientemente detallada, na que se identifiquen os bens adquiridos, así como o xustificante acreditativo do seu pagamento efectivo, de acordo coa forma de pagamento empregada.

F).- GASTOS DE SUBMINISTRACIÓNS.-Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados de subministracións correntes non inventariables directamente vinculadas á execución do proxecto, tales como auga, electricidade, gas, telefonía, conexión a internet e outros servizos de natureza análoga.

Dado que este tipo de gastos adoitan estar asociados ao funcionamento xeral da entidade ou compartidos con outras actividades e proxectos, a súa imputación deberá realizarse de acordo con criterios obxectivos, proporcionais e verificables. Para tal efecto, a entidade beneficiaria deberá describir na documentación xustificativa os criterios de reparto empregados, as variables consideradas para a súa distribución e o cálculo realizado para determinar a porcentaxe imputada ao proxecto subvencionado.

En todo caso, deberán observarse as seguintes condicións:

* Unicamente serán subvencionables os gastos correspondentes a consumos realizados durante o período de execución do proxecto, de acordo co período de facturación que figure na correspondente factura.

* Os consumos deberán estar vinculados aos locais, instalacións ou actividades directamente afectos á realización do proxecto subvencionado.

* A imputación deberá gardar unha proporción razoable coa utilización efectiva dos recursos no desenvolvemento das actuacións subvencionadas.

Para a súa xustificación deberá achegarse a correspondente factura, así como o xustificante acreditativo do seu pagamento efectivo.

4.2.- GASTOS NON SUBVENCIONABLES:

Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Os gastos financeiros, gastos bancarios, licenzas, taxas e tributos de calquera natureza.
- b) O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), cando sexa susceptible de recuperación, compensación ou dedución pola entidade beneficiaria.
- c) Para os efectos da acreditación do carácter non recuperable do IVE, a entidade deberá presentar certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativa de non estar dada de alta no Imposto sobre o Valor Engadido ou de non presentar declaracións correspondentes a este imposto. Alternativamente, poderá achegar o modelo oficial de resumo anual do IVE que acredite a inexistencia de operacións que dean dereito á súa dedución ou compensación, de conformidade coa normativa tributaria aplicable.
- d) Os gastos de investimento, entendendo por tales os destinados á creación, adquisición, ampliación ou mellora de infraestruturas, instalacións ou bens de natureza inventariable, así como aqueles que teñan carácter amortizable.

En particular, non serán subvencionables a adquisición de equipos informáticos, impresoras, mobiliario, equipamentos audiovisuais, cámaras fotográficas, dispositivos electrónicos, dominios de internet ou outros bens de natureza análoga.

- e) Os investimentos destinados á construción, ampliación ou reforma de instalacións e ao equipamento permanente das mesmas.

- f) As gratificacións, compensacións ou percepcións económicas abonadas ás persoas voluntarias da entidade.
 - g) Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento do persoal vinculado ao proxecto, incluídas as persoas voluntarias e os membros dos órganos de goberno da entidade, salvo que se estableza expresamente o contrario nas condicións reguladoras da subvención.
 - h) Os xuros debedores, recargas por demora, sancións administrativas, penais ou tributarias, así como os gastos derivados de procedementos xudiciais.
 - i) Os gastos derivados da participación dos membros da entidade nos seus órganos de goberno, representación ou dirección.
 - j) Os gastos destinados á promoción institucional da entidade beneficiaria que non garden relación directa co obxecto, finalidade ou actividades do proxecto subvencionado.
 - k) Os gastos de asesoramento xurídico, fiscal, laboral ou financeiro, así como os gastos notariais e rexistrals.
 - l) Os gastos de restauración, cátering, recepcións, degustacións culinarias ou conceptos análogos.
- Exceptúanse os gastos destinados á adquisición de ingredientes alimentarios e bebidas non alcohólicas cando estean expresamente previstos no orzamento aprobado e garden unha relación directa coa execución das actividades subvencionadas.
- m) As primas correspondentes a seguros de vehículos titularidade da entidade beneficiaria.
 - n) Calquera outro gasto que, aínda non estando expresamente excluído nos apartados anteriores, non garde unha relación directa e indubidable coa execución do proxecto subvencionado ou non figure previsto na memoria e orzamento aprobados.
 - o) Os gastos realizados fóra do período de execución establecido para a actividade subvencionada, salvo autorización

QUINTA. VIXENCIA E EXTINCIÓN DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa **vixencia ata o 30 de setembro de 2026**, ambos os dous incluídos, sen prexuízo das obrigas de xustificación, comprobación, control e, de ser o caso, reintegro que, pola súa natureza, deban subsistir con posterioridade á súa extinción.

O programa obxecto do convenio ten carácter anual e a súa planificación xeral abrangue o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Non obstante, aos efectos do presente convenio, as actividades e actuacións do programa que serán obxecto de financiamento con cargo á subvención concedida polo Concello de Santiago de Compostela serán exclusivamente aquelas desenvolvidas e executadas dentro do período de vixencia do convenio, isto é, entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2026.

En consecuencia, terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza e finalidade da subvención, sempre que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de setembro de 2026, e se atopen debidamente xustificados de conformidade co establecido neste convenio e na normativa aplicable.

As actividades ou actuacións que, no marco da programación anual da entidade, se desenvolvan con posterioridade ao 30 de setembro de 2026 poderán formar parte do programa anual da entidade, pero non estarán comprendidas no ámbito de execución nin serán obxecto de financiamento con cargo á subvención regulada no presente convenio.

Non se prevé a posibilidade de prorrogar a vixencia do presente convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, pola finalización do seu prazo de vixencia sen acordarse prórroga, ou por incorrer nalgunha das causas de resolución previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas seguintes causas específicas:

a) O incumprimento total ou parcial das obrigas, condicións ou compromisos asumidos por calquera das partes e, en particular, dos previstos neste convenio.

- b) A aplicación total ou parcial dos fondos percibidos a finalidades distintas das que fundamentan a concesión da subvención.
- c) A falta de presentación da xustificación, a súa presentación fóra de prazo ou a insuficiente acreditación dos gastos subvencionables, nos termos previstos neste convenio e na normativa de aplicación.
- d) A concorrencia de calquera das causas de reintegro previstas nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos supostos anteriores, procederá, segundo a natureza e o alcance do incumprimento, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, calculados desde a data do pagamento da subvención ata aquela en que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade coa normativa subvencional aplicable.

A resolución do convenio non eximirá ás partes do cumprimento das obrigas pendentes que, pola súa natureza, deban subsistir tras a súa extinción. Así mesmo, adoptaranse as medidas necesarias para garantir a correcta finalización das actuacións en curso ou, de ser o caso, a súa liquidación ordenada, preservando os dereitos e intereses das persoas destinatarias das actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio.

No suposto de extinción anticipada, a entidade beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa correspondente aos gastos realizados con cargo á subvención no prazo máximo de UN MES, contado desde a data de efectos da resolución. Unha vez examinada a documentación presentada, o Concello poderá iniciar, de ser o caso, o procedemento de reintegro respecto das cantidades non xustificadas, non executadas ou aplicadas a finalidades distintas das previstas neste convenio.

SEXTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O aboamento da subvención realizarase unha vez acreditado o cumprimento da finalidade que fundamenta a súa concesión e xustificada a realización da actividade subvencionada, así como a efectiva aplicación dos fondos aos gastos obxecto deste convenio.

Con carácter previo ao pagamento, o órgano competente poderá realizar as actuacións de comprobación que considere oportunas para verificar a adecuada execución das actividades subvencionadas e a correcta aplicación dos fondos públicos.

Cando o custo finalmente executado resulte inferior ao orzamento inicialmente previsto, a contía da subvención minorarase proporcionalmente, sempre que a redución do gasto non comporte un incumprimento da finalidade nin unha execución deficiente das actuacións subvencionadas.

A entidade beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa, como data límite, o 30 de setembro de 2026, que en todo caso deberá incluír todos os gastos e ingresos da actividade, sen que poidan nin deban excluírse ningún recurso (propio ou alleo) que o financie nin ningún gasto da actividade aínda que os gastos totais sexan superiores á subvención .achegando, a seguinte documentación:

1. **Orzamento desagregado** onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura

2. Unha **Memoria de actuación das actividades realizadas** no proxecto xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

3. **Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio.**

4. **Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas**, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras

subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

5.Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) e nóminas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade

6.Unha **Memoria Económica xustificativa do custo das actividades** que terá o contido do artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.

7. A XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO A entidade beneficiaria deberá acreditar a aplicación dos fondos percibidos á finalidade para a que foi concedida a subvención mediante a presentación da correspondente conta xustificativa, integrada pola documentación que se detalla a continuación.

7.1. Xustificación dos gastos mediante **facturas e documentos equivalentes**

Os gastos realizados con cargo ao proxecto ou actividade subvencionada deberán acreditarse mediante facturas emitidas durante o período subvencionable ou mediante documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento das obrigas de facturación, así como, de ser o caso, as especialidades previstas na normativa tributaria aplicable.

Cando a normativa permita a expedición de factura simplificada, esta deberá reunir os requisitos mínimos establecidos no artigo 7 do citado Regulamento.

En todo caso, as facturas deberán figurar emitidas a nome da entidade beneficiaria, facendo constar a súa denominación social e o correspondente Número de Identificación Fiscal (NIF).

A acreditación do pagamento realizarase mediante documentos bancarios que permitan verificar de forma indubidable a efectiva saída de fondos, tales como transferencias bancarias, certificacións bancarias, xustificantes de ingreso ou documentos equivalentes. Estes deberán identificar, cando menos:

1. A persoa ou entidade ordenante do pagamento.
2. A persoa ou entidade beneficiaria do cobramento.
3. O importe abonado.
4. A data da operación.
5. O concepto ou referencia que permita vincular o pagamento coa factura correspondente.
6. Selo bancario acreditativo da operación conformada

Cando un mesmo pagamento comprenda varias facturas, estas deberán quedar perfectamente identificadas no correspondente xustificante bancario ou mediante documento complementario.

No caso de pagamentos anticipados, a factura deberá incorporar expresamente a mención «pagamento anticipado» ou equivalente, facendo constar a data de percepción do importe cando sexa distinta da data de expedición da factura.

Excepcionalmente admitirase a xustificación de gastos pagados en efectivo cando, pola súa natureza, non resulte posible ou habitual a utilización doutros medios de pagamento. Nestes supostos deberá constar na factura ou documento acreditativo a expresión «pagado» ou «recibín», acompañada da sinatura da persoa ou entidade provedora, a data do pagamento e o selo da empresa, de ser o caso.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá achegar declaración responsable acreditativa de que o pagamento foi realizado integramente con fondos propios da entidade.

O importe máximo admisible mediante pagamento en efectivo será de 600 euros por factura, non admitíndose en ningún caso o fraccionamento artificial dun gasto coa finalidade de eludir este límite.

7.2. **Xustificación dos gastos de persoal**. Cando se imputen gastos de persoal á subvención, deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia dos contratos de traballo do persoal adscrito ao desenvolvemento do programa ou actividade subvencionada.

No caso de que as funcións efectivamente desempeñadas non coincidan coa categoría profesional recollida no contrato, deberá achegarse ademais currículo profesional e documentación acreditativa da formación ou cualificación habilitante para o desempeño das tarefas imputadas ao proxecto.

b) Certificación emitida pola entidade beneficiaria, asinada pola persoa representante legal e pola persoa traballadora afectada, na que se detalle o número de horas efectivamente dedicadas ao proxecto.

c) Nóminas correspondentes ao período subvencionable, acompañadas dos respectivos xustificantes bancarios do seu pagamento.

d) Documentos RLC e RNT (Recibo de Liquidación de Cotizacións e Relación Nominal de Traballadores), debidamente validados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como os correspondentes xustificantes de pagamento.

e) Modelos de retención do IRPF (modelo 111 e, de ser o caso, modelo 190) e xustificantes acreditativos do seu ingreso.

f) Certificación emitida pola entidade beneficiaria acreditativa dos custos empresariais imputados ao proxecto, incluíndo as cotizacións á Seguridade Social correspondentes.

g) Declaración responsable da persoa representante legal da entidade acreditando que o persoal cuxos custos se imputan desenvolveu efectivamente actuacións vinculadas ao proxecto subvencionado.

Unicamente serán imputables os custos de Seguridade Social e as retencións de IRPF correspondentes ás persoas traballadoras e aos períodos temporais efectivamente imputados ao proxecto.

Non serán subvencionables as retencións tributarias nin as cotizacións sociais que sexan obxecto de aprazamento ou fraccionamento concedido pola Administración competente.

Cando a documentación laboral, fiscal ou de Seguridade Social sexa emitida electronicamente, deberá acompañarse dunha declaración responsable sobre a súa autenticidade.

7.3. Formas de acreditación do pagamento. Os gastos subvencionables deberán acreditarse mediante algunha das seguintes modalidades de pagamento:

a) **Transferencia bancaria** Con carácter preferente, os pagamentos realizaranse mediante transferencia bancaria. Deberá achegarse o correspondente resgardo ou xustificante bancario debidamente selado pola entidade bancaria, no que consten a data da operación, o importe, o ordenante, o beneficiario e a referencia da factura ou concepto satisfeito.

b) **Cheque nominativo.** Deberá achegarse copia do cheque emitido e certificación bancaria acreditativa do seu cargo efectivo, na que figure o número do cheque, a data de cobramento e a identificación da persoa ou entidade beneficiaria.

c) **Pagamento en efectivo.** Só se admitirá nos supostos excepcionais previstos no apartado 7.1 e dentro dos límites establecidos.

d) **Tarxeta bancaria.** No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito ou débito, deberá acreditarse a titularidade da mesma, que deberá corresponder á entidade beneficiaria, así como a vinculación coa conta bancaria da entidade.

e) **Titularidade da conta bancaria.** Cando dos documentos bancarios non resulte posible verificar a titularidade da conta desde a que se realiza o pagamento, a entidade beneficiaria deberá achegar certificación bancaria acreditativa da titularidade. Na súa falta, o gasto considerárase non xustificado.

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Achegar o **nº de identificación fiscal** e nº de conta bancaria na que facer o ingreso.

10. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería de Dereitos e Servizos Sociais mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información requíralle o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.

SÉTIMA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

A documentación xustificativa da subvención presentase a través do Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela ou por calquera dos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A entidade beneficiaria utilizará obrigatoriamente os modelos normalizados (ANEXOS) aprobados polo Concello e dispoñibles na sede electrónica municipal, que deberán presentarse debidamente cumprimentados, sen emendas nin alteracións que poidan comprometer a súa validez.

Así mesmo, e coa finalidade de facilitar a comprobación técnica e económica da subvención, a entidade remitirá, dentro do mesmo prazo establecido para a súa presentación no Rexistro, copia da documentación xustificativa en formato electrónico editable (.doc ou .docx) ao enderezo de correo electrónico habilitado pola Concellería de Dereitos e Servizos Sociais.

A remisión da documentación por correo electrónico terá carácter complementario e non substituirá, en ningún caso, a súa presentación polos medios legalmente establecidos.

OITAVA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e demais normativa de aplicación, a entidade beneficiaria comprométese a:

a) Executar as actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio nos termos previstos nel.

- b) Aplicar integramente os fondos recibidos á finalidade para a que foron concedidos.
- c) Xustificar, nos prazos e coa documentación establecida neste convenio, o cumprimento da finalidade da subvención e a aplicación dos fondos percibidos.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, inspección e control financeiro que poidan realizar o Concello de Santiago de Compostela, a Intervención Xeral Municipal e os demais órganos de control competentes, facilitando canta información lles sexa requirida.
- e) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, tan pronto como se coñeza a súa concesión e, en todo caso, antes da presentación da xustificación.
- f) Acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos supostos previstos legalmente.
- g) Manter unha contabilidade separada ou un sistema de codificación contable adecuado que permita identificar claramente as operacións financiadas con cargo ao presente convenio.
- h) Conservar a documentación xustificativa durante o prazo legalmente establecido, para os efectos das actuacións de comprobación e control.
- i) Dar cumprimento ás obrigas de publicidade do financiamento público nos termos establecidos na cláusula novena.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos na normativa de subvencións e neste convenio.
- k) Asumir en exclusiva a organización, execución e responsabilidade das actividades subvencionadas, sen que a sinatura do presente convenio xere relación laboral, funcional ou de calquera outra natureza entre o Concello e o persoal, persoas voluntarias ou colaboradoras da entidade beneficiaria, que manterá indemne ao Concello fronte a calquera reclamación derivada da súa actuación.
- l) Comunicar ao Concello calquera modificación relevante das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención ou da execución do proxecto, tan pronto como se produza.

NOVENA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO

A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá incorporar a imaxe institucional do Concello de Santiago de Compostela e facer constar expresamente que o proxecto está financiado pola Concellería de Dereitos e Servizos Sociais en todos os materiais impresos, audiovisuais, dixitais, páxinas web, redes sociais, publicacións, cartelería e demais soportes de difusión relacionados coas actuacións subvencionadas, de conformidade co manual de identidade corporativa municipal, cando resulte de aplicación.

Así mesmo, deberá colocar, cando a natureza da actividade o permita, un cartel informativo visible no lugar de realización das actuacións subvencionadas.

O cumprimento desta obriga acreditarase mediante reportaxe fotográfica ou audiovisual, mostra dos materiais divulgativos empregados e, de ser o caso, referencias ás publicacións realizadas en páxinas web, redes sociais ou medios de comunicación.

Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.¹ sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

- a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A entidade beneficiaria actuará como responsable dos tratamentos de datos persoais que realice no desenvolvemento das actuacións subvencionadas, comprometéndose ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, comprométese a cumprir as obrigas de publicidade activa, transparencia, subministración de información e bo goberno previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e demais normativa aplicable, facilitando ao Concello a información que resulte necesaria para o cumprimento destas obrigas.

UNDÉCIMA. SEGUIMIENTO, INTERPRETACIÓN E AVALIACIÓN DO CONVENIO

Co fin de garantir o adecuado desenvolvemento, seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes do Concello de Santiago de Compostela, designados pola Concellería competente en materia de Dereitos e Servizos Sociais, e dous representantes da entidade beneficiaria, designados polos seus órganos de goberno.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- a) Supervisar a execución das actuacións previstas no convenio e avaliar o seu grao de cumprimento.
- b) Coñecer as incidencias que poidan producirse durante a execución das actuacións subvencionadas.
- c) Interpretar as cláusulas do convenio e resolver, de común acordo, as dúbidas que poidan suscitarse na súa aplicación.

d) Formular propostas e recomendacións dirixidas a mellorar a execución das actuacións e o cumprimento dos obxectivos previstos, sen que iso poida supoñer a modificación das condicións esenciais do convenio nin das obrigas asumidas polas partes.

A Comisión reunirase por iniciativa de calquera das partes cando resulte necesario para o adecuado seguimento do convenio e, en todo caso, cando existan incidencias relevantes na súa execución. No non previsto expresamente nesta cláusula, o seu funcionamento rexerá polo disposto na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sen prexuízo das funcións atribuídas á Comisión de Seguimento, o Concello de Santiago de Compostela poderá realizar en calquera momento as actuacións de comprobación, inspección, seguimento e control que resulten necesarias para verificar o cumprimento do convenio e a correcta aplicación dos fondos públicos, nos termos previstos na normativa reguladora das subvencións.

DUODÉCIMA. INCUMPRIMENTO, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio ou na normativa reguladora das subvencións dará lugar, segundo a natureza e o alcance do incumprimento, á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención, á obriga de reintegrar as cantidades percibidas ou a ambas as consecuencias, nos supostos legalmente previstos, xunto cos correspondentes xuros de demora, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

O procedemento de reintegro tramitarase conforme ao disposto na normativa reguladora das subvencións e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, garantindo en todo caso os principios de audiencia, contradición e demais garantías procedementais.

Á entidade beneficiaria resultarlle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na restante normativa que resulte de aplicación.

DÉCIMOTERCEIRA. RESPONSABILIDADE

A organización, dirección e execución das actuacións obxecto deste convenio corresponderán exclusivamente á entidade beneficiaria, que asumirá integramente as responsabilidades civís, laborais, administrativas e de calquera outra natureza derivadas da súa execución.

A sinatura do presente convenio non implicará, en ningún caso, a existencia de relación laboral, funcional, estatutaria ou contractual entre o Concello de Santiago de Compostela e o persoal, persoas voluntarias ou colaboradoras da entidade beneficiaria.

A entidade beneficiaria responderá fronte a terceiros polos danos e prexuízos que poidan derivarse da execución das actuacións subvencionadas, sen prexuízo das responsabilidades que legalmente poidan corresponder.

DECIMOCUARTA. NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

O seu réxime xurídico rexerase polo establecido nas súas propias cláusulas e, no non previsto nelas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na lexislación de réxime local e demais disposicións que resulten de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da interpretación, modificación, efectos, cumprimento ou extinción do presente convenio e que non poidan resolverse no seo da comisión de seguimento serán resoltas polo órgano municipal competente, esgotando a vía administrativa.

Contra a correspondente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, nos prazos e termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

Dona María Rozas Pérez Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude	Dona Fundación Monte do Gozo.

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ACTIVIDADE/PROGRAMA: PROGRAMA “PROGRAMA CONTRA O CONSUMO DE COCAÍNA”

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2026
SUBMINISTRACIÓNS (ELECTRICIDADE, GAS....)	6.700,00 €
SUBMINISTRACIONS (AUGAS E LIXOS)	250,00 €
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓN	5.000,00 €
TELÉFONO	2.500,00€
PERSOAL: SOLDOS, SALARIOS, SEGURIDADE SOCIAL	50.000,00 €
TOTAL	64.450,00 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado.

Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuito e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2026, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.